

VIGO EN
FESTAS 2014

A NOITE BRANCA

VIGO, MARTÍN CÓDAX
E O PERGAMIÑO VINDEL



Exposicións,

visitas guiadas,

concertos

*nos centros da
REDE MUSEÍSTICA e EXPOSITIVA
do Concello de Vigo*

8 Venres
de agosto
de 2014



 **REDE DE MUSEOS**
CONCELLO DE VIGO

**CONCELLO
DE VIGO**



A NOITE BRANCA: VIGO, MARTÍN CÓDAX E O PERGAMIÑO VINDEL

A concellería de Cultura, Festas e Museos promove o programa cultural “A noite branca”, encadrado na oferta “Vigo en Festas 2014”. Esta iniciativa pretende salientar o patrimonio e actividades dos centros da Rede Museística e Expositiva do Concello de Vigo, dende unha perspectiva máis novidosa, nun horario amplo e singular, procurando maiores atractivos para a cidadanía viguesa e para as persoas que visitan a cidade nestas datas.

A oferta, aberta a todo tipo de públicos realízase seguindo criterios de gratuidade, participación da cidadanía, sostenibilidade e novidade.

Concertos, visitas guiadas, apertura de novas exposicións, ampliación de horarios; tanto nos equipamentos do centro da cidade como na periferia.

VIGO, MARTÍN CÓDAX E O PERGAMIÑO VINDEL

A aparición do Pergamiño Vindel en 1914 foi un fito que revolucionou os estudos sobre a nosa lírica medieval profana. Diversos fenómenos e procesos pódense relacionar co manuscrito: a conformación do galego e a súa literatura, o mundo dos xogrades, trobadores e das cortes reais e señoriais, a difícil transmisión e posta por escrito dunha cultura oral, os sentimentos universais, o renacemento de Vigo tras a decadencia baixoimperial ou a evolución da investigación académica... Todos estes aspectos permítennos entender e avaliar mellor a singular relevancia deste Pergamiño.

A concellería de Cultura, Festas e Museos achega aos diversos centros da rede museística varias unidades informativas relacionadas co Pergamiño Vindel, Martín Códax, os trobadores, etc que a partir de setembro poderán ser utilizadas, como exposición móbil, por centros de ensino ou entidades socioculturais.

- **“O agromar dunha lingua”**: O galego nace na Idade Media e a súa lírica profana expresa a súa madurez. Non obstante, esta é tamén unha lingua en formación na que a oralidade ten o protagonismo.
- **“Vigo, un incipiente burgo”**: Nos séculos XIII e XIV foron sentadas (sobre o mar e o comercio) as bases da vila e porto de Vigo, que comezaría o seu crecemento nos séculos da Modernidade.
- **“Trobadores e xogrades”**: Malia as diferenzas sociais, os autores e autoras da nosa lírica son mestres na arte de trobar, na música ou na interpretación. Na cultura oral, o dominio destes aspectos marca a diferenza.
- **“Os cancioneiros”**: A obra de Martín Códax e os outros poetas chegou a nós, sobre todo, a través de antoloxías, os cancioneiros, que constitúen o punto dun proceso de selección e recompilación.
- **“Martín Códax”**: Gran descoñecido, a súa obra fala por el: o Pergamiño Vindel veu remarcar a calidade excepcional do seu traballo, no que a letra e a música se conxugan con mestría.
- **“O achado de Pedro Vindel”**: O Pergamiño identificado en 1914 é o paso perdido entre as composicións dos poetas e os cancioneiros. Por esta razón mereceu sempre unha insólita atención por parte dos investigadores e do público.
- **“Un tesouro manuscrito”**: O Pergamiño Vindel, unha folla volante que guía unha actuación, demostrou que a nosa lírica non se lía, senón que se interpretaba acompañada de música.

ACTIVIDADE
LUGAR
19:00 h

- Visitas guiadas á exposición permanente de cestería tradicional e exhibición do proceso produtivo do traballo en colmo

CAT (Centro de Artesanía Tradicional)

20.00 h

- Apertura exposición “PROCESALIA: CIDADE DE VIGO”
- Concerto do grupo CAMARADA NIMOY
- Apertura exposición “PROCESALIA: CIDADE DE VIGO”
- Audición didáctica “SONS DE CUBA” quinteto “SON REAL”
- Visitas guiadas ao Pazo-Museo e Sala de Arqueoloxía
- Lecturas no xardín inglés do Pazo. Voluntariado Cultural do Concello de Vigo
- Encontro con ANTÓN GOYANES e a súa obra “Río” (proxección e charla participativa)
- Visitas guiadas exposicións “SCORE”, “EIDOS DA IMAXE” e “PERMANENT EXPEDITION”
- Visitas guiadas
- Visitas guiadas
- Visitas guiadas

CASA DAS ARTES

CASA DAS ARTES

VERBUM-CASA DAS PALABRAS

MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

MARCO

VERBUM-Casa das Palabras

CAT (Centro de Artesanía Tradicional)

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)

20.30 h

- Visitas guiadas
- Visita guiada “Artistas e obras” ELENA DAHLGREN

XARDÍN HISTÓRICO PAZO-MUSEO

XARDÍN HISTÓRICO PAZO-MUSEO

21.00 h

- Concerto “O segredo do pergamiño Vindel” Grupo SANFONETTO
- Concerto Fran Pérez (NARF)
- Visitas guiadas ao Pazo-Museo e Sala de Arqueoloxía
- Visitas guiadas exposicións “O fermoso rostro do país” e “Manuel Colmeiro”
- Visitas guiadas exposicións “SCORE”, “EIDOS DA IMAXE” e “PERMANENT EXPEDITION”
- Visitas guiadas
- Visita guiada á colección de Arte Galega
- Visitas guiadas
- Visitas guiadas

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

FUNDACIÓN LAXEIRO (sala B)

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

MARCO

VERBUM-Casa das Palabras

CASA GALEGA DA CULTURA

CAT (Centro de Artesanía Tradicional)

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)

22.00 h

■ Concertos na proximidade: XARDÍN DESORDENADO (duo)	Praza da Princesa	C
■ Visitas guiadas ao Pazo-Museo e Sala de Arqueoloxía	PAZO-MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN"	F/C
■ Visitas guiadas exposicións "O fermoso rostro do país" e "Manuel Colmeiro"	"PINACOTECA "Francisco Fernández del Riego"	C
■ Visitas guiadas exposicións "SCORE", "EIDOS DA IMAXE" e "PERMANENT EXPEDITION"	MARCO	C
■ Visitas guiadas	VERBUM-Casa das Palabras	S+T
■ Visitas guiadas	CAT (Centro de Artesanía Tradicional)	C
■ Visitas guiadas	XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)	S+T

23.00 h

■ Concerto NAJLA SHAMI	PINACOTECA "Francisco Fernández del Riego"	C
■ ConcertoTOS NA PROXIMIDADE: GAZZFUNKDATION+INVITADOS	Rúa Príncipe, diante do Marco	C
■ Concerto: "O segredo do pergamiño Vindel". Grupo SANFONETTO	VERBUM-CASA DAS PALABRAS	S+T
■ Visita guiada: "Do fogar ao Museo"	MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO	F/C

00.00 h

■ Concertos na proximidade: CLAVE DE FADO	Praza da Princesa	C
■ Visitas guiadas exposicións "O fermoso rostro do país" e "Manuel Colmeiro"	PINACOTECA "Francisco Fernández del Riego"	C
■ Visitas guiadas exposicións "SCORE", "EIDOS DA IMAXE" e "PERMANENT EXPEDITION"	MARCO	C
■ Visitas guiadas	VERBUM-Casa das Palabras	S+T
■ Visitas guiadas exposición permanente Colección Laxeiro (Sala A)	FUNDACIÓN LAXEIRO	C
■ Visitas guiadas	XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)	S+T

00.30 h

■ Visita guiada: "Do fogar ao Museo"	MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO	F/C
--------------------------------------	---------------------------------	-----

01.00 h

■ Concertos na proximidade: SOULPEANUTS	Rúa Príncipe, diante do Marco	C
■ Concerto Fran Pérez (NARF)	FUNDACIÓN LAXEIRO (sala B)	C
■ Visitas guiadas ao Pazo-Museo e Sala de Arqueoloxía	PAZO-MUSEO MUNICIPAL "QUIÑONES DE LEÓN"	F/C
■ Visitas guiadas exposicións "O fermoso rostro do país" e "Manuel Colmeiro"	PINACOTECA "Francisco Fernández del Riego"	C
■ Visitas guiadas exposicións "SCORE", "EIDOS DA IMAXE" e "PERMANENT EXPEDITION"	MARCO	C
■ Visitas guiadas	VERBUM-Casa das Palabras	S+T
■ Visitas guiadas	XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)	S+T

C Centro **F/C** Freixeiro e Castrelos **S+T** Samil - Toralla

Todas as visitas guiadas teñen unha duración aproximada de 45-50 min.

TIPOS DE ACTIVIDADES

VISITAS GUIADAS

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego

MARCO-Museo de Arte Contemporánea de Vigo

FUNDACIÓN LAXEIRO

CASA GALEGA DA CULTURA

MUSEO LISTE - ETNOGRÁFICO DE VIGO

CAT (Centro de Artesanía Tradicional)

XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla)

VISITAS GUIADAS ESPECIAIS

XARDÍN HISTÓRICO DO PAZO-MUSEO QUIÑONES DE LEÓN. CASTRELOS

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

MUSEO LISTE-ETNOGRÁFICO DE VIGO

CAT (Centro de Artesanía Tradicional)

APERTURA DA EXPOSICIÓN “PROCESALIA: CIDADE DE VIGO”

CASA DAS ARTES E VERBUM-CASA DAS PALABRAS

CONCERTOS

CAMARADA NIMOY na Casa das Artes

GAZZFUNKDATION + INVITADOS

SOLPEANUTS na proximidade do Marco

Concerto “O segredo do Pergamiño Vindel”, GRUPO SANFONETTO no Museo Quiñones de León e Verbum

Concerto Xardín desordenado e Clave de Fado na Praza da Princesa

Concerto de Najla Shami na Pinacoteca

Concerto de Fran Pérez (NARF) na Fundación Laxeiro

Audición didáctica “SONS DE CUBA” no Museo Liste-Etnográfico de Vigo

REDE MUSEÍSTICA E EXPOSITIVA, POR ZONAS

FREIXEIRO e CASTRELOS

Museo Quiñones de León
Museo Liste-Etnográfico de Vigo

SAMIL-TORALLA

Verbum-Casa das Palabras
Centro de Interpretación do Mundo Romano

CENTRO

Pinacoteca “Francisco Fernández Del Riego”
Casa das Artes
Fundación Laxeiro
Marco-Museo de Arte Contemporánea de Vigo
CAT (Centro de Artesanía Tradicional de Vigo)
Casa Galega da Cultura
O Castro

ACTIVIDADES CON RESERVA PREVIA

* VISITAS GUIADAS QUE PRECISAN RESERVA PREVIA:

As visitas guiadas son gratúitas, teñen número limitado de asistentes en cada grupo. Precisan reserva previa as seguintes:

- Visitas guiadas ao PAZO-MUSEO E SALA DE ARQUEOLOXÍA.
- Visitas guiadas aos XACEMENTOS ARQUEOLÓXICOS: Castro de Vigo e Centro de Interpretación do Mundo Romano (Toralla).

* CONCERTOS CON RESERVA PREVIA E RETIRADA DE INVITACIÓN:

Os concertos que se realizan nos museos son gratúitos e teñen número limitado de asistentes. Precisan reserva previa os seguintes:

- CONCERTO NO MUSEO “QUIÑONES DE LEÓN”: 21:00 h “O segredo do pergamiño Vindel”. Grupo SANFONETTO.
- CONCERTO NO VERBUM-CASA DAS PALABRAS: 23:00 h O segredo do pergamiño Vindel”. Grupo SANFONETTO.

As reservas para asistir ás visitas e aos concertos realizaranse a través do servizo 010; os días 5, 6 e 7 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas en cada reserva.

A invitación é imprescindible para acceder a estes concertos e retiraranse nos lugares de celebración dos mesmos, ata 30 min. antes do seu inicio.

Pazo - Museo Municipal “Quiñones de León”

(Parque de Castrelos)

● Visitas guiadas ao PAZO-MUSEO E SALA DE ARQUEOLOXÍA

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos máximos de 30 persoas/visita.
- **Actividade:** Gratuíto, con reserva a través do servizo 010; o 5, 6 e 7 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva.



45 min.

● Concerto no Museo: “O segredo do pergamiño Vindel”

Cen anos de música para as cantigas, en conmemoración do achado do pergamiño Vindel.

- **Horario:** 21:00 h. No Pazo-Museo.
- **Artistas:** Grupo SANFONETTO.
- **Actividade:** Gratuíto, con reserva a través do servizo 010; o 5, 6 e 7 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva. A invitación é imprescindible para acceder ao concerto e retirarse no Pazo-Museo “Quiñones de León”, ata 30 min. antes do seu inicio.



35/40 min.



Ampliación
do horario
ata as
02:00 h



Xardín Histórico do Pazo Museo “Quiñones de León”

(Parque de Castrelos)

● Visita guiada ao xardín histórico do Pazo-Museo

- **Horario:** 20:30 h. Punto de encontro na porta principal do Pazo-Museo.
- **Destinatarios:** 2 grupos de 30 persoas, como máximo, cada un deles. Gratuito.



45 min.

● Visita guiada “Artistas e obras” nos xardíns do pazo

- **Horario:** 20:30 h. Punto de encontro: no pombal do pazo.
- **Actividade:** visita guiada pola artista Elena Dahlgren polas esculturas contemporáneas dos xardíns do Pazo-Museo (“a cidade dos sonhos”).Gratuíta, máximo de 30 persoas.



45 min.

● Lecturas no Xardín Histórico

- **Horario:** 20:00 h. No xardín inglés.
- **Actividade:** Lectura poética participativa sobre a arte, realizada polo grupo de Voluntariado cultural do Concello de Vigo; dentro do lema “Pasen e escoiten. Pasen e lean”.

Castro de Vigo

● Visitas guiadas

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 23:00; 00:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos de 30 persoas como máximo. Gratuítas, con reserva a través do servizo 010; o 5, 6 e 7 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva.



< 60 min.

Ampliación
do horario
de 20:00h a
02:00 h

Centro de Interpretación do Mundo Romano

(Toralla)

● Visitas guiadas

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 23:00; 00:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos de 30 persoas como máximo. Gratuítas, con reserva a través do servizo 010; o 5, 6 e 7 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva.



60 min.

Ampliación
do horario
de 20:00h a
02:00 h



MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

(r/ Príncipe 54 - 1º andar)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● Exposicións

“SCORE”. O espazo entre imaxe e son. (salas da planta baixa)

Este proxecto expositivo xoga cos diferentes significados do termo *score* como medio para navegar a través dunha serie de obras de cinema e vídeo, de artistas que abordan a relación entre son e imaxe en movemento.

“EIDOS DA IMAXE”. Grafías dos feitos e do pensamento (salas do 1º andar)

Esta mostra colectiva céntrase na relación arte-ciencia, e reúne traballos de grupos de investigación científica da Universidade, artistas da Facultade de Belas Artes, e varios creadores invitados, que expoñen nun plano de igualdade os seus procesos de investigación en torno ás imaxes.

“PERMANENT EXPEDITION/ Expedición permanente”

(salón de actos e outros espazos do vestíbulo)

É un proxecto de residencia no que participan dez artistas do ámbito da arte sonora, que crearon obras específicas durante un período de residencia na cidade de Vigo, con resultados que se exhiben na zona do vestíbulo en formato de exposición colectiva.

● Visitas guiadas ás exposicións

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 24:00; 01:00 h.
- **Destinatarios:** Grupos de 30 persoas como máximo.



45 min.

● Restaurante do Marco

Ofrece servizo durante o horario das actividades.


● Concertos na proximidade. (Rúa Príncipe, diante do MARCO)

- **Horario:** ás 23:00 h. Gazzfunkdation + Invitados (Laysak, Sabela Cereijo, Lorena Freijeiro, Noelia Osorio, Cinra Adhesiva...)
 - e ás 01:00 h. Soulpeanuts.
- Acceso libre.



45 min.





Museo Liste-Etnográfico de Vigo *(r/ Pastora, 22)*

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● Visitas guiadas a exposición permanente

- **Horario:** 23:00 e 00:30 h: “Do fogar ao Museo”. Visita especial na que recordar, ademais, os usos das distintas dependencias, espírito e lembranza do fogar hoxe convertido en Museo. (Ademais das visitas das 11:30 e 17:30 h)

● Audición didáctica “Sons de Cuba”

- **Horario:** 20:00 h no xardín circundante do Museo Liste-Etnográfico de Vigo.
- **Actividade:** Actuación musical do Quinteto SON REAL.
Entrada libre e gratuíta.



90 min.

CAT (Centro de Artesanía Tradicional)

(Subida ao Castelo s/n)

Ampliación
do horario
de 19:00h a
22:00 h

● Visitas guiadas

Exposición permanente de cestería tradicional, situada no 1º andar.

Exhibición do proceso produtivo do traballo en colmo.

- **Horarios:** 19:00; 20:00 e 21:00 h.





Fundación Laxeiro - Casa das Artes

(r/ Policarpo Sanz, 15 - 3º andar)

- Exposición “O CEO DAS ILUSIÓNS E OUTRAS COLAXES” (FAUSTO ISORNA)
- Exposición permanente da Colección Laxeiro (Concello de Vigo)

● Visitas guiadas

- **Horario:** 24:00 h, na sala A, inicio das visitas guiadas á exposición permanente da Fundación Laxeiro.
- **Destinatarios:** Grupos de 30 persoas como máximo.

● Concerto de Fran Pérez (NARF)

- **Horario:** 21:00 h. e 01:00 h. na sala B.
Entrada libre ata completar a capacidade do espazo.

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h



45 min.

Pinacoteca “Francisco Fernández del Riego”

(r/ Abeleira Menéndez, 8)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● Encontro co artista Antón Goyanes e a súa obra “Río”

- **Actividade:** O pintor achega as claves para comprender a súa obra exposta na Pinacoteca, mediante unha proxección e charla participativa.
- **Destinatarios:** máximo de 40 persoas. Gratuíto.

● Visitas guiadas “Explicando, explorando. Colección de artes plásticas do Concello de Vigo”



60 min.

- “O FERMO SO ROSTRO DO PAÍS”
- “MANUEL COLMEIRO”

- **Horario:**

21:00; 22:00; 00:00; 01:00 h.

- **Destinatarios:**

Grupos de 40 persoas como máximo.



● CONCERTO NA PINACOTECA

- **Artista:** NAJLA SHAMI, cantante galego-palestina
 - **Horario:** 23:00 h.
- Acceso libre e gratuíto, ata completar a capacidade do espazo.



45 min.

● CONCERTOS NA PROXIMIDADE

- Praza da Princesa. Acceso libre.
- **Horario:** ás 22:00 h. XARDÍN DESORDENADO (dúo) e ás 24:00 h CLAVE DE FADO



40 min.
cada sesión

Casa Galega da Cultura

(praza Princesa, 2)

● Visita guiada á Colección de Arte Galega

- **Horario:** 21:00 h.

- **Actividade:** Visita guiada á exposición permanente da Colección de Arte Galega, doada por Francisco Fernández Del Riego á cidade de Vigo.



Casa das Artes

(r/ Polcarpo Sanz, 15)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h


● *Exposición* “PROCESALIA: CIDADE DE VIGO”

● CONCERTO NA CASA DAS ARTES

- *Horario*: 20:00 h, na apertura da exposición “Procesalia: Cidade de Vigo”.

- *Artistas*: grupo CAMARADA NIMOY

Entrada libre ata completar a capacidade do espazo.



PROCESALIA
CIDADE DE VIGO

Artistas participantes: Xoan Anleo, Nilo Arias, Xohán Brión, Isaac Cordal, Ana Dmatos, o colectivo internacional Kónic Thtr -formado por Rosa Sánchez e Alain Bahuman-, Paula Mariño, Carme Nogueira, Renata Otero, Marta Prieto, Montse Rego, Manuel de la Rosa, Rubén Santiago, o xaponés Kai Takeda, o grupo portugués Void formado por Carlos Sena Caires e Jorge Cardoso, Álex Mene e a participación de tres novos valores: Eugenia Suárez, Iñaki Pérez e Manuel Vidal.

VERBUM-Casa das Palabras

(Avda. de Samil, 17)

Ampliación
do horario
ata as
02:00 h

● “PROCESALIA: CIDADE DE VIGO”

● Visitas guiadas a Verbum-Casa das Palabras

- **Horario:** 20:00; 21:00; 22:00; 24:00; 01:00 h.

- **Destinatarios:** Grupos máximos de 30 persoas/visita.



45 min.

● Restaurante-cafetería do Verbum

Ofrece servizo durante o horario das actividades.

● Concerto no Verbum: “O segredo do pergamiño Vindel”

Cen anos de música para as cantigas, en conmemoración do achado do pergamiño Vindel.

- **Horario:** 23:00 h. No salón de actos.

- **Artistas:** Grupo SANFONETTO.

- **Actividade:** Gratuíta, con reserva a través do servizo 010; o 5, 6 e 7 de agosto (e mentres haxa dispoñibilidade); máximo de 4 persoas por reserva. A invitación é imprescindible para acceder ao concerto e retirárase no Verbum-Casa das Palabras, ata 30 min. antes do seu inicio.



35/40 min.





Información:

Teléfonos desde Vigo: 010

Desde móbil ou fóra de Vigo: 986 810 260

Horario: de 8 a 20 h de luns a venres de 10 a 14 h os sábados

Correo electrónico: 010@vigo.org

Centro de Recepción de Visitantes - Turismo de Vigo

Rúa Canovas del Castillo nº3 - Estación Marítima da Ría, oficina 4

Tfno: 986 224 757

Horario: de 10 a 17 h de luns a domingo

Correo electrónico: ofi.turismo@vigo.org

www.vigocultura.org ● www.vigo.org



REDE DE MUSEOS
CONCELLO DE VIGO

CONCELLO
DE VIGO

